



CCOO CONVOCA CATRO DÍAS DE FOLGA CONTRA O BLOQUEO DAS NEGOCIACIÓNS DO XIII CONVENIO DE CENTROS DE ASISTENCIA E EDUCACIÓN INFANTIL

O pasado mes de xuño, as traballadoras do sector sumáronse maioritariamente aos paros parciais que os sindicatos do sector convocamos contra a intransixencia patronal na negociación do convenio colectivo. Logo do período estival e o inicio do curso, nada mudou. As organizacións patronais continúan obviando a negociación e manteñen a súa posición inmovilista. Tal é a súa indolencia e desidia, que convocaron a próxima mesa negociadora para o vindeiro 2 de novembro, case catro meses despois da última reunión.

Por iso, CCOO decide convocar

FOLGA

19 e 25 de outubro
8 e 15 de novembro

Logo de reunírmonos co resto de sindicatos para lles propoñer realizar a convocatoria de folga de maneira conxunta, estes decidiron non se sumar á nosa iniciativa. Desde CCOO entendemos que a situación é peor que hai uns meses, cando as mobilizacións foron conxuntas, polo que facemos un chamamento público para que se adhiran aos paros convocados.

Tamén chamamos o conxunto das persoas traballadoras a expresaren o seu malestar polas pésimas condicións laborais que padecen, acudindo ás concentracións que se convoquen e secundando a folga. A presión e a mobilización son as ferramentas máis importantes que temos nestes momentos para reverter esta situación.

POR UN CONVENIO DIGNO, MOBILÍZATE!
A DIGNIDADE DEFÉNDESE!

